

NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de dezembro

2016

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgulhoso
de
ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

ÍNDICE:

1. CSI-F PRESENTA AS SÚAS LIÑAS PARA O DEBATE NA SUBCOMISIÓN DO CONGRESO DOS DEPUTADOS: NOS ÚLTIMOS 5 ANOS PERDÉRONSE PRETO DE 23.000 DOCENTES

2. MODIFICACIÓN DO ANEXO I DA ORDE DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA CUBRIR PRAZAS NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

3. PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS E RELACIÓN DE EXCLUÍDOS PROVISIONAIS EN VARIAS ESPECIALIDADES

4. PREMIADOS NOS XI PREMIOS Á EXCELENCIA MUSICAL

5. MODIFICACIÓN AXUDAS Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

6. AXUDAS POSDOUTORAIS MODALIDADE A

7. CONCECIÓN DAS AXUDAS DAS MODALIDADES A: GRUPOS DE REFERENCIA COMPETITIVA, B: GRUPOS CON POTENCIAL DE CRECEMENTO E C

8. PLAN DE ESTUDOS DAS ENSIANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA

9. FORMACIÓN

10. BOLSAS OUTRAS COMUNIDADES

NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016



*Te deseamos Feliz Navidad y próspero Año Nuevo
Desexámosche un Feliz Nadal e un próspero Aninovo*

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

1. CSI•F PRESENTA AS SÚAS LIÑAS PARA O DEBATE NA SUBCOMISIÓN DO CONGRESO DOS DEPUTADOS: NOS ÚLTIMOS 5 ANOS PERDÉRONSE PRETO DE 23.000 DOCENTES

O PACTO POLA EDUCACIÓN DEBE BLINDAR O GASTO EDUCATIVO E APOSTAR POLA EDUCACIÓN PÚBLICA

CSI•F PRESENTA AS SÚAS LIÑAS PARA O DEBATE NA SUBCOMISIÓN DO CONGRESO DOS DEPUTADOS: NOS ÚLTIMOS 5 ANOS PERDÉRONSE PRETO DE 23.000 DOCENTES

- O sindicato expón poñer coto ao ensino concertado, incrementar investimento e persoais e reducir alumnado por clase



A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI•F), sindicato máis representativo nas administracións públicas, redactou unha proposta con 15 medidas básicas para o debate no Congreso dos Deputados polo futuro Pacto de Estado na Educación que avoga pola calidade e a excelencia educativa, a equidade e, por tanto, a defensa do sistema público e a estabilidade do noso modelo educativo.

Para CSI•F este Pacto debe estar sustentado en dous obxectivos claros: marcar liñas xerais na educación e alcanzar a estabilidade do sistema educativo. CSI•F demandou este Pacto ao longo das últimas lexislaturas para acabar coa dinámica sinsentido de derrogar e modificar as leis educativas cada vez que se produce un cambio de Goberno (levamos 7 leis educativas en 38 anos de democracia). Estas son as nosas propostas:

1. **Calidade educativa:** equidade e excelencia. A educación é un dereito humano e un ben público, o que a converte en obrigaición das institucións o establecemento dun sistema educativo que materialice a igualdade de oportunidades de toda a cidadanía sen esquecerse da necesidade de que os alumnos reciban unha educación de calidade. Reducir o número de alumnos por clase, considerar o esforzo do alumnado no estudo, asegurar unha adecuada atención á diversidade ou incrementar o persoal son cuestións esenciais que deben ser tidas en conta no novo pacto. Segundo datos facilitados polo Ministerio, entre 2010 e 2015 perdéronse preto de 23.000 docentes, que debemos recuperar para o sistema.

NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

2. Estabilidade da estrutura básica do sistema educativo. Un Pacto pola Educación ha de ter como un dos seus obxectivos prioritarios outorgar estabilidade ao sistema educativo dun país, o cal se traduce inmediatamente nunha estruturación básica e invariable que sexa común a todo o estado, e que perdure un período razoablemente longo de tempo. Os criterios establecidos para a promoción e titulación en cada etapa do sistema educativo, así como para o acceso a outros ensinamentos, han de concretar directrices comúns a todo o territorio do estado na medida en que isto é unha garantía da igualdade de oportunidades.

3. Currículo básico de materias que estableza o persoal docente dos centros públicos. Para evitar diferenzas significativas no número de horas por materia entre comunidades autónomas. Os docentes deben ter a certeza de que cando aproban a súa oposición van impartir as materias que se determinen durante toda a súa vida académica sen que os cambios legislativos leven a supresións e desprazamentos.

4. Inversión equiparable á media dos países europeos. O Pacto debe establecer financiamento en Educación con carácter finalista e un chan de investimento que non pode ser alterado. O horizonte final ten que ser lograr un investimento do 6 por cento do PIB.

5. Estatuto docente. Faise necesario regular as condicións e dereitos laborais dos docentes a nivel estatal para que existan uns mínimos que dignifiquen o labor docente e aseguren o recoñecemento social e profesional do profesorado. É urxente recuperar o perdido e empezar a mellorar toda a vida laboral do docente desde a formación inicial e permanente, pasando polo acceso, a carreira profesional e as condicións laborais, ata a xubilación.

6. Potenciar o Ensino Público que é a única que garante a igualdade de oportunidades. Por iso, hai que apostar por ela construíndo centros públicos onde a demanda social o esixa, poñendo coto ao avance do ensino concertado. A escolarización dos alumnos con necesidades educativas ten que facerse de maneira equitativa entre os centros públicos e sostidos con fondos públicos.

7. Recoñecemento social e profesional do profesorado que é o profesional da educación e líder do proceso de ensino. Calquera Sistema Educativo parte de ter un profesorado recoñecido, prestixiado e respectado. É esencial, por tanto, empezar a recoller a súa opinión profesional para ser tida en conta para todo cambio educativo.

8. Formación Profesional. Un Pacto pola Educación ha de garantir a incorporación ao mundo laboral do alumnado en tódalas etapas educativas. De forma concreta, a Formación Profesional é clave para o crecemento económico dun país e para a mellora dos procesos produtivos a través dunha adecuada capacitación profesional. Pero a Formación Profesional necesita investimento e unha continua adaptación ao mundo cambiante.

9. Sistema de bolsas que teña como prioridade a equidade na Educación baseado nun principio claro: que ningún alumno teña que deixar de estudar por motivos económicos. Ademais, é preciso establecer un mínimo común para a concesión de bolsas para a participación do profesorado en actividades ou proxectos nos que colabora, así como dos permisos e licenzas para asistir aos mesmos.

10. Convivencia escolar ten que ser unha prioridade no Pacto pola Educación. O respecto ao profesorado e aos compañeiros é un principio básico a ter en conta. As Administracións educativas teñen que desenvolver medidas áxiles para resolver conflitos partindo dos docentes. E teñen que tipificarse condutas de violencia de baixa intensidade, que tanto dano fan ao clima normal da aula e que impide unha subida xeral do nivel educativo.

NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

2. MODIFICACIÓN DO ANEXO I DA ORDE DO CONCURSO DE TRASLADOS PARA CUBRIR PRAZAS NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

MODIFICACIÓN DO ANEXO I DA ORDE DO CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO, ENTRE FUNCIONARIOS DOCENTES DO CORPO DE MESTRES E DO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PARA CUBRIR PRAZAS NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS

Orde do 29 de novembro de 2016 pola que se modifica o anexo I da Orde do 14 de outubro de 2016 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

[Para máis información preme aquí:](#)

3. PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS E A RELACIÓN DE EXCLUÍDOS PROVISIONAIS EN VARIAS ESPECIALIDADES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PUBLICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS E A RELACIÓN DE EXCLUÍDOS PROVISIONAIS NAS ESPECIALIDADES DE TECNOLOXÍA, ECONOMÍA, ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS, INFORMÁTICA, OPERACIÓN DE PRODUCCIÓN AGRARIA E SISTEMAS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS



Anuncio do 13 de decembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos provisionais do corpo de profesores de ensino secundario nas especialidades de Tecnoloxía (590019), Economía (590061), Administración de Empresas (590101) e Informática (590107) e no corpo de profesores técnicos de formación profesional nas especialidades de Operacións de Producción Agraria (591216) e Sistemas e Aplicacións Informáticas (591227), (Diarios Oficiais de Galicia do 10 e 20 de outubro).

A publicación no DOG está prevista para o día 22 de decembro.

Contra estas puntuacións provisionais e relación de excluídos provisionais poderá interperse [reclamación no prazo de dez días naturais](#), a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

4. PREMIADOS NOS XI PREMIOS Á EXCELENCIA MUSICAL

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ASPIRANTES PREMIADOS NOS XI PREMIOS Á EXCELENCIA MUSICAL MEDIANTE O CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA

Aspirantes premiados nos premios convocados ao abeiro do Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Paideia Galiza para a colaboración educativa nas ensinanzas profesionais e superiores de música do 13 de xullo de 2016.

[Para máis información preme aquí:](#)

5. MODIFICACIÓN AXUDAS Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

MODIFICACIÓN PARCIAL DA RESOLUCIÓN DO 24 DE OUTUBRO DE 2016 RELATIVA ÁS AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOURAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I, COFINANCIADAS POLO FSE GALICIA 2014-2020

Resolución do 12 de decembro de 2016 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 24 de outubro de 2016 relativa ás axudas da Orde do 17 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria.

[Para máis información preme aquí:](#)

6. AXUDAS POSDOUTORAIS MODALIDADE A

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

INFORME FAVORABLE DA FASE DE ESTADÍA DAS AXUDAS POSDOUTORAIS MODALIDADE A DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015 (PLAN I2C) PARA O ANO 2013

AXUDAS

Resolución do 15 de decembro de 2016: Informe favorable da fase de estadía dentro das axudas posdoutorais modalidade A do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2013

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

7. CONCECIÓN DAS AXUDAS DAS MODALIDADES A: GRUPOS DE REFERENCIA COMPETITIVA, B: GRUPOS CON POTENCIAL DE CRECEMENTO E C

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCESIÓN DAS AXUDAS DAS MODALIDADES A, B E C PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i PARA O 2016



Resolución do 1 de decembro de 2016 pola que se conceden as axudas das modalidades A: grupos de referencia competitiva, B: grupos con potencial de crecemento e C: redes de investigación da Orde do 27 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2016, modificada pola Orde do 29 de setembro de 2016.

[Para máis información preme aquí:](#)

8. PLAN DE ESTUDOS DAS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PLAN DE ESTUDOS DAS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE MÚSICA, NAS ESPECIALIDADES DE DIRECCIÓN E PRODUCCIÓN E XESTIÓN, E AMPLIACIÓN DA ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN

Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Producción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.

[Para máis información preme aquí:](#)

9. FORMACIÓN

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓNS

CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.



• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS EDUCATIVOS.

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.



Certificación en 30 días.



VÁLIDOS E PUNTUABLES como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a [INFORMACIÓN](#) sobre as convocatorias



CSI-F EDUCACIÓN UNIVERSIDAD ISABEL I: GRADOS ON LINE (INICIO 9 DE ENERO)

Universidad Isabel I: GRADOS ON LINE (Inicio 9 de enero) 19 de Diciembre de 2016

La Universidad Isabel I organiza una nueva convocatoria de GRADOS OFICIALES ON LINE con descuentos especiales hasta el 20% para afiliados a CSIF y familiares de 1º grado.

Fecha de inicio: 9 de enero de 2016.

Puedes acceder a dicha información a través del siguiente enlace:

[Grados oficiales on line \(descuento CSIF\)](#)

RECUERDA SIEMPRE MENCIONAR Y ACREDITAR QUE ERES AFILIADO/A A CSI-F CUANDO CONTACTES

CON ESTAS UNIVERSIDADES PARA AMPLIAR INFORMACIÓN O FORMALIZAR TU MATRÍCULA.

SÓLO ASÍ PODRÁS BENEFICIARTE DE LAS CONDICIONES ESPECIALES PARA AFILIADOS/AS.

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 12 ao 21 de decembro de 2016

10. BOLSAS OUTRAS COMUNIDADES

RIOXA

ESPECIALIDAD/ES CONVOCADA/S:

Profesores Técnicos de Formación Profesional:
Producción de Artes Gráficas

[Para máis información preme aquí:](#)

Data límite: 27-12-2016

ANDALUCÍA

ESPECIALIDAD/ES CONVOCADA/S:

Varias especialidades: PTFP, Secundaria,EOI,Música e Artes Plásticas

CONSEJERÍA DE EDUCACIÓN

Consejería de Educación

Resolución de 30 de noviembre de 2016, de la Dirección General del Profesorado y Gestión de Recursos Humanos, por la que se realiza convocatoria para el acceso extraordinario a las bolsas de trabajo de determinadas especialidades de los Cuerpos de Profesores de Enseñanza Secundaria, Profesores Técnicos

de Formación Profesional, Profesores de Escuelas Oficiales de Idiomas, Profesores de Música y Artes Escénicas y Maestros de Taller de Artes Plásticas y Diseño en centros docentes públicos dependientes de esta Consejería.


El Decreto 302/2010, de 1 de junio, por el que se ordena la función pública docente y se regula la selección del profesorado y la provisión de los puestos de trabajo docentes, modificado por el Decreto 311/2012, de 26 de junio, establece en el artículo 22 que la Consejería competente en materia de educación realizará convocatorias extraordinarias para el acceso a las bolsas de trabajo cuando se prevea que estas no cuentan con personal suficiente para la atención del servicio educativo. Asimismo, la Orden de 8 de junio de 2011 (BOJA núm. 117, de 16 de junio) regula las bolsas de trabajo del personal funcionario interino y se establecen las bases reguladoras de dicho personal, así como los de procedimientos de convocatoria extraordinaria de acceso a las bolsas de trabajo regulados en la Sección II del Capítulo II de la citada Orden.

Data límite: 30-12-2016

[Para máis información preme aquí:](#)



DEFENDENDO O PÚBLICO



NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

